

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

DÍA DAS LETRAS 2010

“É incríbel a capacidade de síntese para equilibrar o silencio e a palabra”

O poeta e profesor Carlos Negro reconece que ten unha especial polos poemas de Novoneyra que teñen "voz colectiva"

Redacción - 11:00 14/05/2010

Negro chegou a Uxío Novoneyra da man da materia de Literatura Galega do antigo COU. Alí descubriu Os Eidos: “Cando o coñecemento de Manuel Antonio, Novoneyra foi o que me abriu a mente a unha poesía diferente á que eu coñecía e que me sorprendeu moito”.

Salienta “o compromiso tanto a nivel vital como literario coa poesía” e, sobre todo, réndese diante da “incríbel capacidade de síntese para equilibrar o silencio e a palabra, esa intensidade do verso breve e rotundo”.

Á hora de decantarse por unha parte concreta do poeta do Courel sinala que “eu teño unha atracción especial polos poemas de voz colectiva. O poema 'Letanía de Galicia' é simplemente impresionante.

*GALICIA digo eu ún di GALICIA
GALICIA decimos todos GALICIA
hastr'os que calan din GALICIA
e saben sabemos*

*GALICIA da door chora á forza
GALICIA da tristura triste á forza
GALICIA do silencio calada á forza
GALICIA da fame emigrante á forza
GALICIA vendada cega á forza
GALICIA tapeada xorda á forza
GALICIA atrelada queda á forza*

*libre pra servir libre pra servir
libre pra non ser libre pra non ser
libre pra morrer libre pra morrer*

libre pra fuxir libre pra fuxir

*GALICIA labrega GALICIA nosa
GALICIA mariñeira GALICIA nosa
GALICIA obreira GALICIA nosa
GALICIA irmandiña
GALICIA viva inda*

*recóllote da TERRA estás mui fonda
recóllote do PUEBLO estás n'il toda
recóllote da HISTORIA estás borrosa
recóllote i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que fala o pueblo
recóllote pros novos que vein con forza
pros que inda non marcou a malla d'argola
pros que saben que ti podes ser outra cousa
pros que saben que o home pode ser outra cousa*

*sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa*